



Salvaterra, 10 de Setembro de 2010

Estimados Pais/Nais:

Mediante a presente informámoslles que para o presente curso 2010-2011, asumimos novamente a grata labor da organización das actividades extraescolares. Dende aquí queremos agradecer tanto ás familias como á Dirección do Centro a confianza depositada en nós. Ó igual que o curso pasado, ACTEX organizará as actividades extraescolares presentes na folla de inscrición.

As actividades darán comezo o día correspondente **DE OUTUBRO**, e por iso, que pregamos entreguen no BUZÓN da ANPA antes do **22 DE SETEMBRO a FOLLA DE INSCRICIÓN** (de ACTEX) adxunta, onde poden seleccionar cunha "X" a actividade ou actividades que lles interese.

Tódolos recibos das actividades de ACTEX pasaranse pola entidade bancaria que vostedes indiquen do **día 1 e 5 do mes en curso**. Se por algunha circunstancia o alumno deba causar **BAIXA**, deberán comunicalo **ANTES DO DIA 20 do último mes que asista** á actividade, no caso contrario procederán a súa facturación.

Nalgunhas destas actividades e sempre tratando de dar o mellor servizo, queremos destacar que hai uns custes adicionais para mellorar o resultado das mesmas, por suposto, a compra destes vestiarios é voluntaria por parte de vostedes, sen embargo, é necesario para participar nos Festivais que Actex organice. As actividades que requirán un custe adicional son as seguintes:

* **BAILE MODERNO e XIMNASIA RITMICA**.-Requírese un vestiario para a realización de Festivais e eventos o cal se lles informará durante o curso e o custo pode variar en función da coreografía.

***TALLER DE ARTE**.- Nestas actividades, traballarán as técnicas da arte de pintar coas técnicas das artes plásticas, realizándose talleres diversos: collage, reciclaxe, murais conmemorativos... polo que precísanse unha serie de materiais que por un custe anual facilitáremosllos nós por **13,50€/curso** (oleos, pinceles, lápices...). Os **lenzos ou tablas para pintar non están incluídos neste custe**, que ben llos facilitaremos, ou os poden adquirir Vostedes, e o seu prezo varia en función do tamaño e do tipo de material.

* **TAEKWONDO**: para participar en nos festivais y campeonatos sería necesario o traxe correspondente, cuyo precio oscila entre 24€ y 3€ (depende da talla). Tamén ofrécenlles a posibilidade de Federarse, e cuyo coste para ano 2010 foi de 21,00€ para federados por 1ª vez y de 30,50€ para os que xa se federaron en algunha ocasión (ano 2011 pendente do seu coste). O coste dos dereitos de examen+ cinturón, ascenden aproximadamente a 20€ (anuais) O resto de información sobre Federación, exámes e demais detalles de esta actividade comunicáraselles ó longo do curso.

* **INGLES COLOQUIAL**

Baseándose no "xogo e a diversión", practicarán o inglés con profesorado especializado no idioma, do modo máis lúdico e divertido, tratando de que adquiran destreza a hora de expresarse en Inglés da forma máis natural. Introduciremos o idioma "inglés", a través da interpretación, tratando de favorecer o aprendizaxe, potenciando ademais, non so o traballo a nivel individual, se non colectivamente, conseguindo deste xeito, que aprendan a perder o medo a falar nun idioma que non é o habitual

Tódolos recibos das actividades de ACTEX pasaranse pola entidade bancaria que vostedes indiquen do **día 1 e 5 do mes en curso**. Se por algunha circunstancia o alumno deba causar **BAIXA**, deberán comunicalo **ANTES DO DIA 20 do último mes que asistirá**, esta comunicación poderá ser telefonicamente, por e-mail ou ben nos teléfonos e dirección abaixo indicados (**en ningún caso a través do monitor/a**). A partir desda data procederíase a súa facturación.

TODAS as comunicacións relacionadas cas actividades extraescolares de Actex: CIRCULARES, AVISOS, ...lles serán enviadas por MAIL e as poderán descargar da nosa PÁXINA WEB www.actex.es, é por iso que na folla de inscrición é **IMPRESINDIBLE** nos indiquen un **ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO**. No caso de que teñan algún problema o respecto, pregamos o fagan constar no apartado de observacións.

Para calquera consulta ou dúbida, poden chamarnos os seguintes teléfonos: **886- 12 59 98** ó **607- 582 719** en horario de **9:30 a 13:30** e de **16:00 a 19:00 Hrs**.

Esperando sexa todo do seu agrado, aproveitamos para darlles a benvida o presente curso escolar, e lles saudamos moi atte.

ACTEXGA, S.L.

